

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE XULLO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día 27 de xullo de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, en substitución do Vicesecretario e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE SOSTIBILIDADE URBANA

1.- LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acordouse non outorgar a licenza urbanística solicitada para a intalación de chimenea na edificación sita na rúa Humanista Rof Carballo, número 2 (Exp. 2021/Y001/000216).

Así mesmo, acordouse conceder licenza urbanística para as seguintes actuacións:

- Construción dunha vivenda unifamiliar dentro da área de expansión do núcleo rural número 18.3 Galegos de Abaixo-Xuíz Norte, parroquia de Castelo-Santiago de Afora, (2020/Y001/000168).
- Substitución de cuberta e instalación de ascensor polo exterior, na vivenda unifamiliar no núcleo rural tradicional de Rego do Espiño, número 18, parroquia de Santiago de Piúgos, (Exp. 2021/Y001/000293).
- Parcelamento da parcela catastral sita na rúa Río Landro, (Exp. 2021/Y005/000010).

ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2.- CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acordouse corrixir o erro material do acordo núm. 11/393 de 6 de xullo de 2022, relativo á Contratación do servizo de conservación e mantemento das instalacións de iluminación pública dentro do termo municipal de Lugo. Exp ref. 2021-C003-000020.

Acordouse aprobar os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e a adxudicación por procedemento

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac6122132932703046911.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 27-7-2022

aberto para a contratación dun servizo de cociña, comedor e lavandería para a escola infantil "Gregorio Sanz" do concello de Lugo. Exp. Ref. 2022-C003-000016.

Así mesmo, acordouse aceptar a cesión gratuíta por parte da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, da Xunta de Galicia duns terreos dunha superficie de 1.727 m2, xunto ao edificio multiusos da Xunta en Lugo.

Acordouse prorrogar o contrato dende o 29/07/2022 de 2022 ata 28/07/2023 da contratación do servizo de mantemento da plataforma de software do programa "Urbanismo en red". Exp. Ref. 2019/C003/000002.

Acordouse aprobar o prego técnico e o prego de cláusulas administrativas, así como o gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado para o contrato mixto de redacción do proxecto, execución de obra e da dirección facultativa para a demolición do edificio e da urbanización no ámbito do URPI-58 (antiga UA CS5) así como restitución ao estado orixinal dos terreos. Exp. Ref. 2022-C002-000018.

3.- FOMENTO.- Acordouse aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación de Lugo, o Concello de Lugo e a Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia -Irmandade Xurídica Galega- co obxecto de colaborar nos gastos derivados da celebración do "37º aniversario da primeira sentenza ditada en lingua galega en marzo de 1985", ano 2022.

Do mesmo xeito, acordouse aprobar o convenio marco de colaboración con entidades financeiras en materia de microcréditos.

ÁREA DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

4.- BENESTAR SOCIAL.- Acordouse autorizar o gasto e aprobar as bases rexedoras do encargo á Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo (EVISLUSA) para a redacción do "Proxecto de execución e actividade do albergue fogar do transeúnte (Lugo) segundo o alcance definido no art. 23-1.b do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización e inspección dos servizos sociais de Galicia".

ÁREA DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA A VECIÑANZA

5.- PARTICIPACIÓN CIDADÁ.- Acordouse o cambio titularidade do posto núm. 32 da Praza de Abastos.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptase o seguinte acordo:

- Acordouse nomear en réxime de comisión de servizos a varios funcionarios municipais.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.